

## INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ALUMNADO CURSO 2022/2023

### FONTES DE INFORMACIÓN COMPLEMENTARIAS:

**Web:** <http://escolaconservacion.gal/>

**e-mail:** [escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es](mailto:escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es)

**Teléfono:** 886-159735

**CodexPro** (información académica): <https://www.codex.pro/codexpro/escrbcg Galicia.do>

**Moodle** (información docente de cada profesor):

- Acceso desde ordenador <https://www.edu.xunta.gal/centros/escolarestaurestauraciongalicia/aulavirtual2/>
- Acceso desde móvil ANDROID <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.moodle.moodlemobile>
- Acceso desde móvil IOS <https://apps.apple.com/app/moodle-mobile/id633359593>

### REDES SOCIAIS:



**Mailchimp:** A Escola publica un boletín bimensual que recolle as actividades que realiza o centro. Para recibilo é necesario subscribirse a través da web da Escola.

### NORMATIVA:

- Orde de 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Decreto 174/2015, de 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 21/2015, de 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro
- Real Decreto 635/2010, de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grado en Conservación e Restauración de Bens Culturais establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación

### CALENDARIO ESCOLAR:

ORDE de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Períodos de vacacións
  - Nadal: do 23 de decembro de 2022 ó 6 de xaneiro de 2023 (ambos incluídos)
  - Entroido: 20, 21 e 22 de febreiro de 2023
  - Semana Santa: do 3 ó 10 de abril de 2023 (ambos incluídos)
- Días non lectivos
  - 31 de outubro de 2022 (día do ensino)
  - 5 de decembro de 2022
  - 20 de marzo de 2023

## MATRÍCULA, PROMOCIÓN E PERMANENCIA

### Renuncia de matrícula

O alumnado poderá renunciar á matrícula unicamente da totalidade das disciplinas nas que se atope matriculado. A dita renuncia realizarase por escrito dirixido á dirección do centro e presentase co rexistro de entrada na secretaría deste, e suporá a perda da condición de alumno/a do dito centro a partir do día seguinte o da súa presentación.

Dita renuncia non implicará a devolución dos prezos públicos aboados.

### Promoción

O alumnado disporá, con carácter xeral, de catro convocatorias para a superación das diferentes materias integradas nestes estudos, excepto nas disciplinas de Prácticas Externas (PE) e no Traballo Fin de Estudos (TFE), nos cales soamente disporá de dúas convocatorias.

Computaranse de maneira sucesiva e entenderanse esgotadas tanto no caso de que o alumnado non supere ou non se presente ás probas programadas para dita convocatoria.

### Convocatoria adicional (*convocatoria de gracia*)

O alumnado que esgote as convocatorias sin superar a materia correspondente, poderá solicitar por escrito, ante a dirección do centro, unha convocatoria adicional, de carácter extraordinario, por circunstancias especiais que deberá alegar e xustificar documentalmente, sin que se poida alegar como circunstancia especial a falta de rendemento académico.

O prazo para a presentación da solicitude será de **cinco días lectivos** seguintes á data de comunicación da cualificación da última convocatoria.

A dirección do centro, resolverá nun prazo non superior de dez días hábiles.

O alumnado que obtivera autorización dunha convocatoria adicional deberá facer uso dela na convocatoria inmediatamente seguinte á data na que foi concedida, sen prexuízo da solicitude de anulación de convocatoria establecida na presente orde da cal o alumnado pode facer uso.

- Prazo de solicitude de convocatoria adicional en ordinaria:  
Materias do 1º cuadrimestre: 30, 31 de xaneiro e 1, 2 e 3 de febreiro de 2023  
Materias do 2º cuadrimestre e anuais: 6, 7, 8, 9 e 12 de xuño de 2023
- Prazo de solicitude de convocatoria adicional en extraordinaria:  
Materias do 1º, 2º cuadrimestre e anuais: 30 de xuño e 3, 4, 5 e 6 de xullo de 2023

### Anulación de convocatoria

O alumnado poderá solicitar a anulación dunha convocatoria nunha ou varias materias por unha causa xustificada e acreditada documentalmente, mediante escrito dirixido á dirección do centro, ata **dez días lectivos** antes da sesión de avaliación correspondente á dita convocatoria, sin que entre as causas figure a falta de rendemento académico (estes prazos poden ser modificados, para poder adaptalos ó calendario de exames).

A dirección do centro, resolverá o que proceda nos cinco días lectivos seguintes ó de presentación da solicitude.

- Prazo de solicitude de anulación das materias en convocatoria ordinaria:  
Materias do 1º cuadrimestre: ata o 13 de xaneiro de 2023 (incluído).  
Materias do 2º cuadrimestre e anuais (alumnado do 4º curso): ata o 26 de abril de 2023 (incluído).  
Materias do 2º cuadrimestre e anuais: ata o 19 de maio de 2023 (incluído).
- Prazo de solicitude de anulación das materias en convocatoria extraordinaria:  
Materias do 1º, 2º cuadrimestre e anuais: ata o 14 de xuño de 2023 (incluído).

### Permanencia

Non se poderá realizar matrícula durante máis de oito anos académicos.

## RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

A solicitude deberá realizarse no momento da formalización da matrícula.

Xunto coa solicitude, o alumnado aportará a seguinte documentación:

- Solicitude de recoñecemento de créditos.
- Impreso de pago de taxas (1€ por cada crédito recoñecido)
- Certificación académica oficial.
- Programas ou guías didácticas das asignaturas ou módulos que sustentan a solicitude, visados polo centro oficial no que foron superados.

O alumnado o cal se lle recoñeza a totalidade dos créditos ECTS asociados a unha asignatura poderá ampliar a súa matrícula noutras asignaturas que sumen o mesmo ou inferior número de créditos.

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

### Convocatoria de exames

En cada curso académico o alumnado disporá de dúas convocatorias de exames: unha convocatoria de carácter ordinario e outra convocatoria de carácter extraordinario.

O calendario de ditas convocatorias é o seguinte:

- Convocatoria ordinaria de exames:
  - Materias do 1º cuatrimestre: do 16 xaneiro ó 23 de xaneiro do 2023
  - Materias do 2º cuatrimestre e anuais (so alumnado do 4º curso): 27 e 28 de abril de 2023
  - Materias do 2º cuatrimestre e anuais: do 22 ó 31 de maio do 2023
- Convocatoria extraordinaria de exames:
  - Todas as materias pendentes: do 15 ó 27 de xuño de 2023

### Sistema de cualificación

Os resultados da avaliación de cada materias expresaranse en términos de cualificación numérica en escala de 0 a 10, con expresión dun decimal, engadíndose a correspondente cualificación cualitativa:

0 – 4,9:	suspense (SS)
5,0 – 6,9:	aprobado (AP)
7,0 – 8,9:	notable (NT)
9,0 – 10:	sobresaiñte (SB)

Cando o alumnado deba ser avaliado unicamente a través da realización dunha proba, e non se presente a súa realización, a cualificación será a de “Non Presentado (NP)”

A cualificación media do expediente académico será o resultado da suma dos créditos obtidos, multiplicados cada un deles por o valor das cualificacións e dividida polo número de créditos totais obtidos polo/a alumno/a.

A mención de matrícula de honra poderá ser outorgada ó alumnado que obteña una cualificación igual ou superior a 9'0. O seu número non poderá exceder do 5% dos estudantes matriculados nesa disciplina no correspondente curso académico, excepto que o número de estudantes matriculados sea inferior a 20, en cuxo caso poderá concederse unha soa matrícula de honra.

### Reclamación contra as cualificacións

O alumnado descontento coas cualificacións obtidas poderá presentar ante a dirección do centro, a solicitude de reclamación nun prazo de dous días contados a partir do día seguinte o da comunicación da cualificación.

A reclamación poderán presentala cando consideren que a cualificación se outorgou sin a obxectividade requirida debido a:

- Inadecuación da proba proposta ou dos instrumentos de avaliación aplicados en relación cos obxectivos e contidos da materia.
- Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.



A dirección do centro, emitirá resolución motivada no prazo de cinco días, contados a partir da recepción da reclamación.

- O calendario de datas para as reclamacións é o seguinte:
  - Convocatoria ordinaria:
    - Materias do 1º cuadrimestre: 30 e 31 de xaneiro do 2023
    - Materias do 2º cuadrimestre e anuais: 6 e 7 de xuño do 2023
  - Convocatoria extraordinaria
    - Todas as materias pendentes: 30 de xuño e 3 de xullo de 2023

*Aclaración: en cada convocatoria o profesorado establecerá un horario de consulta dos exames realizados, si o alumno/a non está conforme coa cualificación obtida presentará dentro do prazo establecido, a correspondente reclamación.*

### **Premios extraordinarios**

Poderase outorgar un único premio extraordinario por especialidade, ó finalizar o cuarto curso de estas ensinanzas.

Será requisito indispensable obter a cualificación media de 8,5 no último curso, incluída a cualificación do Traballo Fin de Estudos (TFE), e exclusivamente na convocatoria ordinaria.

No suposto de que haxa máis dun/ha candidato/a que cumpra os requisitos para a obtención do premio extraordinario, aplicaranse os seguintes criterios:

- Maior cualificación media do cuarto curso
- Maior cualificación no TFE
- Maior cualificación media de todo o expediente

### **OBSERVACIÓNS:**

Está prohibida a gravación de vídeos ou realización de fotos, xa sexa das clases presenciais ou virtuais, salvo a autorización expresa do profesor de cada materia.

## CADRO DE PROFESORADO

ARA POCEIRO, Susana	susanaara@edu.xunta.gal
ARIZAGA CASTRO, Álvaro	arizaga@edu.xunta.gal
CARRERA RAMÍREZ, Fernando	fcarrera@edu.xunta.gal
CONDE ÁLVAREZ, Alberto	albertoconde@edu.xunta.gal
CORES RIVEIRO, Dolores	tecnoloxiadepartamento@gmail.com
FERNÁNDEZ ARCOS, Andrea	afarcos@edu.xunta.gal
GRANADOS MARÍN, José	granadosmarin@edu.xunta.gal
LAGE VELOSO, Carmen	carmenlageveloso@edu.xunta.gal
LÓPEZ DÍAZ, Rosario	charolopezdiaz@edu.xunta.gal
LÓPEZ GARCÍA, Ángela	alg@edu.xunta.gal
LORENZO RIVERA, Carmen	lorenzorivera@edu.xunta.gal
MONTOJO SANTOS, Cristina	cmontojo@edu.xunta.gal
PEREIRA ABONJO, Antón	anton.pereira@edu.xunta.gal
PÉREZ TEIJEIRO, Emma	epteijeiro@edu.xunta.gal
PORRAL VICENTE, Pablo	pabloporral@edu.xunta.gal
QUINTEIRO ALONSO, José Antonio	quinteiroalonso@edu.xunta.gal
SANTIAGO CENDÁN, Inmaculada	isantiago@edu.xunta.gal
SECO LANZÓS, Sonia	sonia.seco@edu.xunta.gal
TERROSO HERNÁNDEZ, M <sup>a</sup> Asunción	asunterroso@edu.xunta.gal
TORRES FERNÁNDEZ, Araceli	aracelitorres@edu.xunta.gal

## EQUIPO DIRECTIVO

Dirección	LORENZO RIVERA, Carmen
Vicedirección	QUINTEIRO ALONSO, José Antonio
Secretaría	SANTIAGO CENDÁN, Inmaculada
Xefatura de estudos	MONTOJO SANTOS, Cristina



## TITORÍAS DOCENTES E COORDINACIÓNS DIDÁCTICAS

<b>CURSO</b>	<b>TITOR/A</b>
1º	Emma Pérez Teijeiro
2º	Ángela López García
3º Arqueoloxía	Fernando Carrera Ramírez
3º Escultura	José Granados Marín
3º Pintura	Mª Asunción Terroso Hernández
4º Arqueoloxía	Sonia Seco Lanzós
4º Escultura	Antón Pereira Abonjo
4º Pintura	Araceli Torres Fernández

	<b>COORDINADOR/A</b>
Mobilidade (Erasmus+)	Antón Pereira Abonjo Alvaro Arizaga Castro
Calidade	Araceli Torres Fernández Alberto Conde Álvarez
Prácticas externas	Rosario López Díaz
Seguridade e saúde	Mª Asunción Terroso Hernández
Biblioteca	Sonia Seco Lanzós
Formación do profesorado	Andrea Fernández Arcos
Patrimonio cultural	Susana Ara Poceiro
TFE	Fernando Carrera Ramírez
TIC	Emma Pérez Teijeiro
Equipo de dinamización da lingua galega	Sonia Seco Lanzós




## DEPARTAMENTOS

<b>Caracterización e diagnose de bens culturais</b>  Xefa de Departamento: Dolores Cores Riveiro	Fundamentos de física e química
	Bioloxía aplicada á conservación restauración
	Física e química aplicadas á conservación restauración
	Tecnoloxía e propiedades dos materiais
	Técnicas de estudo científico dos materiais e as súas alteracións I, II, III (de cada especialidade)
<b>Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos</b>  Xefe de Departamento: Fernando Carrera Ramírez	Práctica da conservación activa dos bens arqueolóxicos I, II, III
	Técnica da conservación activa dos bens arqueolóxicos I, II, III
	Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens arqueolóxicos
	Técnica da conservación preventiva dos bens arqueolóxicos I, II, III
<b>Conservación e restauración de obras escultóricas</b>  Xefe de Departamento: Antón Pereira Abonjo	Práctica da conservación activa dos bens escultóricos I, II, III
	Técnica da conservación activa dos bens escultóricos I, II, III
	Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens escultóricos
	Técnica da conservación preventiva dos bens escultóricos I, II, III
<b>Conservación e restauración de obras pictóricas</b>  Xefa de Departamento: Andrea Fernández Arcos	Práctica da conservación activa dos bens pictóricos I, II, III
	Técnica da conservación activa dos bens pictóricos I, II, III
	Técnica e práctica de conservación activa e preventiva dos bens pictóricos
	Técnica da conservación preventiva dos bens pictóricos I, II, III
<b>Documentación de Bens Culturais</b>  Xefa de Departamento: Ángela López García	Informática aplicada á documentación
	Técnicas fotográficas I, II
	Técnicas de documentación gráfica I, II (de cada especialidade)
<b>Historia, valoración e clasificación de bens culturais</b>  Xefe de Departamento: Jose Granados Marín	Historia da arte e os bens culturais I, II
	Antropoloxía e patrimonio etnográfico
	Historia I, II, III (de cada especialidade)
	Iconoloxía, iconografía y tipoloxía I, II
<b>Principios de conservación de Bens Culturais</b>  Xefa de Departamento: Susana Ara Poceiro	Teoría e historia da conservación restauración
	Principios técnicos e metodolóxicos da conservación restauración
	Prácticas de reintegración
	Prácticas de consolidación e adhesión de bens culturais
	Prácticas de limpeza de bens culturais
	Principios de conservación preventiva I, II, III, IV
<b>Tecnoloxía e procedementos de Bens Culturais</b>  Xefa de Departamento: Carmen Lage Veloso	Teoría e práctica das técnicas I, II, III (de cada especialidade)
	Debuxo e cor
	Procedementos dos bens culturais
<b>Xestión e actividade profesional</b>  Xefe de Departamento: Álvaro Arizaga Castro	Metodoloxía da investigación e da documentación
	Difusión, técnicas de comunicación: TIC
	Xestión do patrimonio cultural
	Xestión e actividade profesional
	Proxectos de conservación restauración



## DISTRIBUCIÓN DAS AULAS

### NOMENCLATURA AULAS ESCRBCG



#### PLANTA PRIMEIRA

- 0.1 CONSERXERÍA
- 0.2 ADMINISTRACIÓN
- 1.1 DIRECCIÓN
- 1.2 XEFATURA DE ESTUDOS/VICEDIRECCIÓN
- 1.3 SECRETARÍA
- 1.4 SALA DE PERSOAL
- 1.5 TALLER ESCULTURA I (3º, 4º)
- 1.6 TEÓRICA ESCULTURA I (3º, 4º)
- 1.7 TALLER ESCULTURA II (3º, 4º)
- 1.8 TEÓRICA II (3º, 4º)
- 1.9 PROCEDEMENTOS

#### PLANTA 2º

- 2.1 LABORATORIO FÍSICA-QUÍMICA
- 2.2 TEÓRICA 2º
- 2.3 TALLER 1ºA
- 2.4 TALLER 1ºB
- 2.5 TALLER PINTURA I (3º, 4º)
- 2.6 TEÓRICA PINTURA I (3º, 4º)
- 2.7 TALLER PINTURA II (3º, 4º)
- 2.8 TEÓRICA PINTURA II (3º, 4º)
- 2.9 DEBUXO E COLOR / PROCEDEMENTOS

#### PLANTA 3º

- 3.1 DESPACHOS
- 3.2 DESPACHOS
- 3.3 SALA DE ESTUDANTES
- 3.4 BIBLIOTECA
- 3.5 TALLER 2º
- 3.6 TEÓRICA 2º
- 3.7 TALLER 2º
- 3.8 TEÓRICA 2º
- 3.9 TALLER ARQUEOLOXÍA I (3º, 4º)
- 3.10 TEÓRICA ARQUEOLOXÍA I (3º, 4º)
- 3.11 TALLER ARQUEOLOXÍA II (3º, 4º)
- 3.12 TEÓRICA ARQUEOLOXÍA II (3º, 4º)
- 3.13 TEÓRICA 1º
- 3.14 INFORMÁTICA 1
- 3.15 PROCEDEMENTOS
- 3.16 INFORMÁTICA 2
- 3.17 FOTOGRAFÍA

#### SALA DE EXPOSICIÓN (Entrada da Facultade de Belas Artes)